

Usamos os dous puntos:

- **No encabezamento das cartas.**
- **Antes dunha enumeración.**
- **Antes de escribir as palabras que dixo alguén.**

1- Cantas fases ten a Lúa? Cales son? Escribeo con dous puntos e comas

O CONTO

Os contos narran feitos que lles suceden a uns persoaxes. En todos os contos podemos atopar tres partes:

- **Introdución: Sitúase o cando acontece, o onde acontecen os feitos e os persoaxes que interveñen.**
- **Nó: Desenvólvese a historia.**
- **Desenlace: Resólvese o problema**

1- Le o seguinte texto e resolve as seguintes cuestións

Unha noite de inverno petaron na porta do castelo. Ía un tempo espantoso; había raios e tronos e chovía a mares.

O vello rei foi abrir. Alí fóra había unha rapaza. Pero, recoiro, que aspecto tiña! A pobre estaba totalmente empapada! A rapaza dixo que era unha princesa. «Vaia, vaia», pensou a vella raíña, «agora veremos se realmente é unha princesa».

Entrou no dormitorio, quitou toda a roupa da cama e puxo un chicharo. Logo, colleu vinte colchóns e púxoos sobre o chicharo, e despois vinte edredóns de plumas enriba dos colchóns. Alí pasaría a noite a suposta princesa...

Hans Christian Andersen: A princesa e o chicharo,
Edicións Xerais (adaptación)

Actividades:

1. Desde onde ata onde chega a introducción?
2. Onde comeza o nó?
3. Que persoaxes aparecen no conto?
4. Inventar un desenlace.

A Caparuchiña Vermella, que, á parte de lista, era unha nena moi boa e xusta, axudou o Lobo Feroz a saír do profundo foxo. Fíxolle prometer que nunca máis volvería atacar a ninguén, e chegaron a un acordó.

Ultimamente os bosques ardían sen razón, así que o Lobo dedicárase a vixialo, xa que ninguén o coñecía tan ben coma el.

E como o Lobo, Caparuchiña Vermella, a Avoa e a Leñadora quedaron tan felices con este acordó....

1. De que conto esta tomado o conto?
2. Onde está o Lobo? Para que o deixaran alí?
3. Que acordaron con el?
4. Busca seis adxectivos e indica a que nomes se refiren.